

PARTICIPACIÓN DE COROS DE GALICIA PARA PROXECTO COLABORATIVO “CANTAMOS!”

1. Cal é o proxecto?

A Real Filharmonía de Galicia (RFG) fai unha chamada a coros de Galicia para formar parte dos coros participativos no proxecto CANTAMOS!. Queremos que coristas afeccionados formen parte do noso equipo artístico para facer dous concertos, que terán lugar no Auditorio de Galicia, os días 19 e 20 de decembro de 2024. O director galego Javier Fajardo será de novo o director e, ademais, este ano, contaremos como solistas coa soprano Susana García Picos, o contratenor Alberto Miguélez-Rouco e o Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia como coro convidado.

2. Que se vai cantar?

O repertorio a interpretar nesta edición será o seguinte:

- Gloria RV 589 de A. Vivaldi
- O Mesías (1ª parte + Aleluia) de G.F. Haendel

As partituras serán proporcionadas en PDF pola Real Filharmonía de Galicia aos coros seleccionados.

3. Fragmentos das obras que cantan os coros participativos

Gloria Vivaldi RV 589

Ed. Carus

- I. Gloria in excelsis. **Coros participativos.**
- II. Et in terra pax. **Selección de coros participativos.**
- III. Laudamus te. Sop I e II.
- IV. Gratias agimus tibi. **Coros participativos.**
- V. Propter magnam gloriam. **Coro de escena.**
- VI. Domine Deus. Soprano.
- VII. Domine Fili unigenite. **Coro de escena**
- VIII. Domine Deus; Agnus Dei. **Coros participativos.**
- IX. Qui tollis. **Coros participativos.**
- X. Qui sedes ad dexteram. Alto.
- XI. Quoniam tu solus sanctus. **Coros participativos.**
- XII. Cum Sancto Spiritu. **Selección de coros participativos.**

MESSIAH Haendel

Ed. Barenreiter (tamén válido a editorial Novello)

- 1.Sinfonía.
- 3.And the glory. **Coros participativos**

5. Thus Saith The Lord (baixo)
6. But Who May Abide (alto)
7. And He Shall Purify (coro) **Coro de escena.**
Rec. Behold, a Virgin Shall Conceive alto
8. O Thou That Tellest (aria e chorus) (coro) alto + **Coros participativos.**
11. For Unto Us a Child Is Born (coro) **Coros participativos desde o compás 33 ao 37; do 49 ao 53; do 68 ao 72 e do 85 ao final.**
12. Pifa
Rec. There Where Shepherds. Soprano.
13. And lo. Soprano.
Rec. And The Angel. Soprano.
14. And Suddenly. Soprano.
15. Glory to God (Coro) **Coros participativos.**
16. Rejoice. Soprano.
Rec. Then Shall The Eyes. Soprano.
17. He Shall Feed His Flock- Soprano e alto.
18. His Yoke Is Easy (Coro) **Tutti desde o compás 41 ao final.**
44. Hallelujah **Coros participativos.**

4. Cando e onde son os ensaios e os concertos?

Os ensaios previos, e os concertos, serán no Auditorio de Galicia, e estarán dirixidos por Javier Fajardo, nos días que se detallan:

- 3 de novembro (domingo): de 16:30h a 19:30h (ENSAIO COROS)
- 17 de novembro (domingo): de 16:30h a 20:30h (ENSAIO COROS)
- 15 de decembro (domingo): de 16:30h a 20:30h (ENSAIO COROS)
- 18 de decembro (mércores): de 18:00h a 22:00h (ENSAIO COROS+ORQUESTRA+SOLISTAS)
- 19 de decembro (xoves): 20:30h CONCERTO
- 20 de decembro (venres): 20:30h CONCERTO

A participación no proxecto implica a preparación previa do repertorio antes do inicio do primeiro ensaio o día 3 de novembro, así como o compromiso de asistencia a todas as sesións.

5. Como participar?

O período de inscrición neste proxecto será do 2 ao día 16 de xullo (inclusive), e haberá que remitir o formulario de inscrición, que se achega na seguinte ligazón: <https://forms.gle/C5eL9YVpL3QndznU6>

6. Publicación de coros participantes

O día 19 de xullo anunciaranse os coros seleccionados, na nosa web e redes sociais. No caso de que as inscricións excedan o número de coristas que caben no escenario, farase unha selección atendendo a criterios de equilibrio entre cordas dos coros inscritos.

7. Gastos

Os gastos derivados da asistencia aos ensaios e aos concertos deberán ser asumidos polos coros participantes.

8. Dúbdas

Atenderase calquera dúbida a través do correo electrónico info@rfgalicia.org, e tamén a través do teléfono 981552290 (preguntar pola Real Filharmonía de Galicia).